

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------|----------|---------------|
| 36011579 | A Guía | Vigo | 2024/2025 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|----------------------|---------------------------|------------------------|------------------------------------|-------------------|
| COM | Comercio e márketing | CSCOM01 | Transporte e loxística | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de adultos |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|---|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0628 | Organización do transporte de viaxeiros | 2024/2025 | 3 | 87 | 104 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|--|
| Profesorado asignado ao módulo | ROSA CORBILLÓN CANAL, LAURA ÁLVAREZ RODRÍGUEZ (Subst.) |
| Outro profesorado | LAURA ÁLVAREZ RODRÍGUEZ |

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O Decreto 195/2013 establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Transporte e Loxística. O perfil profesional do devandito título determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

O artigo catro do Decreto 195/2013 recolle a competencia xeral que consiste en "organizar, xestionar e controlar as operacións do transporte de mercadorías e de persoas nos ámbitos nacional e internacional, e en planificar e xestionar as actividades loxísticas dunha empresa, de acordo coa normativa e cos obxectivos establecidos pola dirección da empresa, nun marco da calidade, seguridade e respecto ambiental".

O artigo cinco do Decreto 195/2013 recolle as competencias profesionais, persoais e sociais. O módulo de Organización do Transporte de Viaxeiros centrase nas seguintes:

- a) Aplicar a normativa española e internacional relativa á xestión de empresas de transporte de mercadorías e persoas, adaptándose aos cambios normativos frecuentes, para cumprir os requisitos de capacidade profesional, económica e de honorabilidade exixidos no sector.
- b) Realizar as xestións necesarias para a constitución e a posta en marcha dunha empresa de transporte e loxística de mercadorías e/ou persoas, axustándose ás características e ás obrigas derivadas da forma xurídica seleccionada.
- d) Organizar os departamentos dunha empresa de transporte e loxística de mercadorías e/ou persoas, determinando os recursos humanos e materiais necesarios, para cumprir os obxectivos establecidos pola dirección da empresa.
- e) Elaborar e xestionar os plans de transporte, os plans de produción, os plans de operacións e fluxos do almacén, e os tráxicos diarios, asignando os recursos humanos e materiais e subcontratando con empresas, de ser necesario, para mellorar o nivel de servizo establecido coa clientela.
- f) Realizar a planificación de rutas de longa distancia e a confección de rutas de reparto, seleccionando a mellor combinación posible de modos de transporte, subcontratando o servizo, en caso necesario, reducindo tempos e percorridos, e realizando o seguimento de flotas de vehículos e mercadorías de xeito que se garanta o tránsito por distintos países e a integridade das mercadorías e das persoas, para asegurar o nivel de satisfacción e calidade do servizo prestado á clientela.
- o) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida, e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- p) Resolver situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo
- v) Exercer os seus dereitos e cumprir as obrigas que se derivan da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

O artigo sete do Decreto 195/2013 fai referencia á contorna profesional.

No punto dous recolle as ocupacións e postos de traballo máis salientables:

Xefe/a de tráfico de empresas de transporte de persoas por estrada.

¿ Xefe/a de operacións.

¿ Xerente da empresa de transporte.

¿ Inspector/ora de transporte de persoas por estrada.

¿ Xefe/a de estación de autobuses.

¿ Xestor/ora de transporte por estrada.

- ¿ Comercial de servizos de transporte por estrada.
- ¿ Administrativo/a de servizo de transporte por estrada.
- ¿ Xerente de empresas de transporte por estrada.
- ¿ Xefe/a de circulación.
- ¿ Axente de transportes.
- ¿ Axente de carga.
- ¿ Xefe/a de tráfico en actividades de transporte.
- ¿ Xefe/a de administración en transporte terrestre, aéreo, marítimo e multimodal.
- ¿ Xefe/a de tráfico en actividades de transporte combinado.
- ¿ Comercial de servizos de transporte.
- ¿ Operador/ora de transporte porta a porta.
- ¿ Transitario/a.
- ¿ Consignatario/a de buques.
- ¿ Operador/ora loxístico/a.
- ¿ Xefe/a de almacén.
- ¿ Técnico/a en loxística do transporte.
- ¿-Coordinador/ora loxístico/a.
- Técnico/a en loxística inversa.

Vigo é unha gran cidade, conta con unha importante infraestrutura terrestre, aérea e unha das máis importantes a nivel mundial no comercio e transporte marítimo, polo que multitude de empresas teñen a súa sede nesta localidade. Isto conleva multitude de oportunidades de traballo para o alumnado. Este módulo profesional contén a formación necesaria para que o alumnado poida incorporarse ao mercado laboral e desenvolver a súa carreira profesional no sector do Transporte e Loxística, por conta propia ou por conta allea.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|--|--------------------|----------|
| 1 | Recursos e características nas operacións do transporte de viaxeiros | Determina os recursos e características das operacións do transporte de viaxeiros | 20 | 20 |
| 2 | Tarifas e prezos nas operacións de transporte do viaxeiros | Recoñece os procedementos necesarios para establecer o prezo do servizo en función dos custes e as normas | 17 | 20 |
| 3 | Planificación das operacións de transporte do viaxeiros | Coñece as condicións para a elaboración de plans de transporte aplicando os principais criterios de calidade, seguridade e eficiencia. | 20 | 20 |

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|---|--------------------|----------|
| 4 | Programación e xestión dos servizos nas operacións de transporte do viaxeiros | Aplica os criterios fundamentais para axendar e reprogramar os servizos de transporte aplicando criterios de eficiencia | 16 | 18 |
| 5 | Coordinación de equipos de profesionais no transporte de viaxeiros | Determina procedementos de coordinación do equipo de profesionais no transporte de viaxeiros | 12 | 12 |
| 6 | Sistemas de autonavegación, seguimento, localización e xestión de tempos | Organiza ao persoal e o controla o servizo do transporte de viaxeiros | 9 | 4 |
| 7 | Accidentes e situacións de emerxencias e incidencias nas operacións do transporte de viaxeiros | Analiza e propón para resolver as reclamacións, accidentes e emerxencias aplicando a normativa e as regras de seguridade. | 10 | 6 |

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 1 | Recursos e características nas operacións do transporte de viaxeiros | 20 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Determina os recursos e as características das operacións de transporte de viaxeiros, considerando as posibles variacións na demanda e nos criterios organizativos. | SI |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Seleccionáronse os criterios para dimensionar a flota de vehículos dunha empresa de transporte de viaxeiros por estrada. |
| CA1.2 Aplicáronse os criterios e as técnicas existentes para determinar o número e o perfil dos profesionais da conducción necesarios. |
| CA1.3 Seleccionáronse as alternativas de prestación de servizos utilizando vehículos propios e alleos, contratados en aluguer con exclusividade, puntualmente ou de xeito esporádico. |
| CA1.4 Determinouse o equipamento e/ou os accesorios dos vehículos necesarios para asegurar a calidade do servizo e a seguridade dos viaxeiros. |
| CA1.5 Seleccionouse a documentación técnica e administrativa necesaria para os vehículos e o profesional da conducción segundo a normativa. |

Criterios de avaliación

CA1.6 Diferenciáronse os convenios colectivos autonómicos e/ou provinciais de transporte de viaxeiros por estrada, así como as consecuencias que se derivan da súa aplicación en materia retributiva e de condicións de traballo.

CA1.7 Rexistrouse mediante aplicacións de xestión da información e actualizouse periodicamente a información dos servizos de transporte que preste a organización.

[CA1.8 Coñecer a situación do sector de transporte de viaxeiros](#)

4.1.e) Contidos
Contidos

[A situación actual do sector de transporte de viaxeiros](#)

Normas relativas á organización do mercado de transporte de viaxeiros por estrada.

Normas para a creación de servizos de transporte.

Plan de prevención de riscos laborais.

Prego de condicións dunha concesión.

Tipos de servizos de transporte de viaxeiros.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 2 | Tarifas e prezos nas operacións de transporte do viaxeiros | 17 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA2 - Determina a tarifa e o prezo do billete ou servizo, tendo en conta os custos. | SI |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA2.1 Determináronse as partidas e a estrutura de custos dunha empresa de transporte de viaxeiros por estrada. |
| CA2.2 Calculáronse as razóns de custo por quilómetro percorrido, custo en baleiro e custo por viaxeiro, de acordo cos custos fixos e variables estimados. |
| CA2.3 Aplicáronse as regras de formación de prezos e tarifas do servizo de transporte de viaxeiros ao cálculo destes. |
| CA2.4 Aplicáronse os criterios de asignación de custos indirectos da actividade do transporte. |
| CA2.5 Determináronse as partidas e a estrutura de custos de operacións de transporte por estrada de viaxeiros. |
| CA2.6 Analizouse a estrutura de custos de diversos tipos de operacións de transporte de viaxeiros. |
| CA2.7 Identificáronse as situacións máis significativas en que se poida incurrir en custos non previstos, e o xeito de corrixir as tarifas aplicadas á clientela. |
| CA2.8 Diferenciáronse as fórmulas de cálculo da tarifa aplicable ao transporte de viaxeiros en, polo menos, razón céntimo por quilómetro, tarifa partícipe e prezo do billete. |

4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Regras relativas ás tarifas e formación de prezos no transporte público e privado de viaxeiros. |
| Regras relativas á facturación dos servizos de transporte de viaxeiros por estrada. |
| Partidas e estrutura de custos dunha operación de transporte de viaxeiros. |
| Criterios de asignación de custos indirectos da actividade. |
| Razóns de custo por quilómetro percorrido, custo en baleiro e custo por viaxeiro. |
| Tipos impositivos no transporte de viaxeiros por estrada. |

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 3 | Planificación das operacións de transporte do viaxeiros | 20 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA3 - Elabora plans de transporte, aplicando criterios de calidade, seguridade e eficiencia. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Seleccionouse información en mapas de rúas e aplicacións de deseño de rutas, as zonas xeográficas, tipos de vías, calidade do trazado e as normas de regulación de tráfico e transportes por estrada aplicables. |
| CA3.2 Determináronse as condicións para a elaboración do plan de transporte regular e discrecional de acordo co tipo de servizo que cumpra realizar e a regulación da concesión, tendo en conta se son de obrigado cumprimento, mínimos da concesión e melloras. |
| CA3.3 Elaborouse o plan de transporte considerando os criterios de calidade, medidas de PRL e factores ambientais, os aspectos obrigatorios establecidos nas condicións da concesión e as necesidades da clientela, da axencia de viaxes, etc. |
| CA3.4 Determináronse os puntos de parada con descenso e subida de viaxeiros en función do número e do lugar de situación destes. |
| CA3.5 Confeccionouse a ruta que se deba cubrir no plan de transporte buscando a máxima eficiencia, mellorando tempos e utilizando unha aplicación informática de planificación de rutas. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Normas para o establecemento de plans de transporte. |
| Xeografía viaria dos estados membros da Unión Europea. |
| Aplicacións de deseño de rutas. |
| Utilización de aplicacións de xestión de tarefas e proxectos na planificación do servizo de transporte de viaxeiros. |
| Normativa e fontes de información de transportes, tráfico e circulación, fiables e oficiais, no ámbito do transporte por estrada interior e internacional. |

| Contidos |
|---------------------------|
| Documentos de transporte. |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---|----------|
| 4 | Programación e xestión dos servizos nas operacións de transporte do viaxeiros | 16 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA4 - Programa os servizos de transporte de viaxeiros, aplicando criterios de eficiencia. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.1 Elaborouse o calendario que garanta o cumprimento dos servizos, os períodos de parada e os plans de mantemento dos vehículos, e os tempos de condución, de descanso e de traballo dos profesionais da condución. |
| CA4.2 Elaborouse a programación dos servizos de transporte tendo en conta as características e o volume dos vehículos e dos profesionais da condución dispoñibles e de reserva. |
| CA4.3 Elaborouse o cuadrante de servizos de vehículos e profesionais da condución a partir do calendario e do horario dos servizos de transporte para a prestación do servizo, no tempo e na forma requiridos, e consonte a normativa. |
| CA4.4 Estableceuse a reprogramación dos servizos de transporte de viaxeiros en caso de imprevistos, de acordo co procedemento establecido. |
| CA4.5 Establecéronse os plans de mantemento dos vehículos de acordo co departamento de tráfico considerando a normativa, os niveis de servizo, as necesidades e as programacións de servizos. |
| CA4.6 Planificouse a cobertura de vacantes diarias de profesionais da condución cos recursos de reserva e/ou reasignáronse os recursos dispoñibles. |
| CA4.7 Consideráronse as normas relativas ao transporte escolar e de menores na elaboración da programación. |

4.4.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| <p>Programación dos servizos de transporte de viaxeiros con criterios de eficiencia e calidade.</p> <p>Planificación do mantemento dos vehículos da empresa co departamento de tráfico.</p> <p>Elaboración do cuadrante de servizos de vehículos e profesionais da conducción.</p> <p>Reprogramación dos servizos de transporte de viaxeiros.</p> <p>Identificación das limitacións máis significativas relativas a circulación, comerciais e de ambiente, así como as medidas e posibles elementos para a súa atenuación.</p> <p>Transporte escolar e de menores.</p> |

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 5 | Coordinación de equipos de profesionais no transporte de viaxeiros | 12 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA5 - Determina os procedementos de coordinación do equipo de profesionais da conducción, cumprindo os obxectivos e os servizos establecidos. | SI |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA5.1 Elaboráronse as instrucións e os documentos que se lles deban transmitir aos profesionais da conducción, cumprindo a normativa e os procedementos internos. |
| CA5.2 Cubríronse as follas de ruta segundo o tipo de servizo (regular, discrecional, interior ou internacional). |
| CA5.3 Especificáronse as características da carga asignada, puntos e horarios de recollida, percorrido, remitentes, destinatarios, e puntos e horarios de entrega, nas instrucións que se lle deben transmitir ao profesional da conducción. |
| CA5.4 Identificáronse os sistemas de comunicación axeitados para garantir o cumprimento dos trámites e dos horarios previstos no paso de fronteiras. |

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA5.5 Recoñecéronse as normas e as medidas de prevención de riscos laborais aplicables no posto de traballo do profesional da condución e no seu equipamento. |
| CA5.6 Identificouse a influencia da cultura empresarial e os estilos de mando e liderado na execución e na prestación do servizo de transporte. |
| CA5.7 Aplicáronse técnicas de resolución de conflitos no contexto de traballo habitual no ámbito do transporte de viaxeiros por estrada. |
| CA5.8 Analizáronse as competencias emocionais, intrapersoais e interpersoais que debe ter a persoa responsable da xefatura de estación e/ou dun equipo de profesionais da condución. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Estilos de liderado en empresas de transporte de viaxeiros. |
| Dirección de equipos. |
| Traballo en equipo. Técnicas de dinámica de grupos. |
| Motivación de equipos de traballo. |
| Instrucións e documentación que se lles debe transmitir aos profesionais da condución. |
| Programación ou cadro de servizos. |
| Normas e medidas de prevención de riscos laborais para profesionais da condución. |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 6 | Sistemas de autonavegación, seguimento, localización e xestión de tempos | 9 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA6 - Planifica o control de horarios, frecuencias e ocupacións dos servizos de transporte, utilizando sistemas de autonavegación, seguimento e localización dos vehículos, así como de xestión dos tempos de condución e descanso do persoal profesional da condución. | SI |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA6.1 Descríbense os protocolos habituais e as directrices que se utilizan na inspección de viaxeiros en servizos de transporte. |
| CA6.2 Utilizáronse os sistemas informáticos de xestión e comunicación necesarios para garantir a información e a comunicación das operacións de transporte, con viaxeiros, estacións de autobuses, paradas, tráfico e administracións públicas. |
| CA6.3 Planificáronse os reaxustes de vehículos, profesionais da conducción e frecuencia dos servizos, ante posibles casos de incidencias. |
| CA6.4 Valorouse a incidencia de posibles continxencias, retrasos e accidentes na calidade dos servizos prestados. |
| CA6.5 Definíronse as posibles responsabilidades persoais ou organizativas de continxencias, retrasos e accidentes, para adoptar solucións axeitadas e informar a viaxeiros e a clientela. |
| CA6.6 Establecéronse as xestións para solucionar as continxencias que leva consigo a retención do vehículo. |
| CA6.7 Simulouse o seguimento das operacións en distintos postos de desenvolvemento de distintas liñas, manexando SAE, GPS, etc. |

4.6.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Sistemas de axuda á explotación SAE. |
| Sistemas informáticos de planificación e localización de vehículos. |
| Sistemas informáticos de xestión de tempos de conducción e descanso. |
| Protocolos e directrices que se utilizan na inspección de viaxeiros en servizos de transporte. |

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 7 | Accidentes e situacións de emerxencias e incidencias nas operacións do transporte de viaxeiros | 10 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA7 - Elabora propostas que resolvan accidentes e situacións de emerxencia durante a prestación do servizo, cumprindo as normas de seguridade, calidade e dereitos do viaxeiro. | SI |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA7.1 Descríbense os dereitos e os deberes dos profesionais da condución e do persoal da empresa de transporte de viaxeiros e estación de autobuses que figuran na lexislación, e os procedementos internos de actuación. |
| CA7.2 Determináronse as consecuencias derivadas do incumprimento da normativa e as recomendacións de transporte, seguridade viaria e laboral, así como as sancións aplicables. |
| CA7.3 Determináronse os equipamentos e os medios para o cumprimento das normas relativas á seguridade laboral, accidentes e emerxencias en vehículos, estacións de autobuses e paradas. |
| CA7.4 Fíxéronse as pautas de comportamento das persoas profesionais da condución e responsables da xefatura de tráfico na prevención de accidentes, e recomendacións de seguridade viaria e primeiros auxilios. |
| CA7.5 Analizouse o procedemento para supervisar e garantir o cumprimento das normas de seguridade laboral e emerxencia por parte das persoas profesionais da condución e o persoal ao seu cargo. |
| CA7.6 Identificouse a normativa das estacións de autobuses para garantir as condicións de limpeza, orde e seguridade. |
| CA7.7 Propuxéronse as medidas de mellora ao analizar as causas e as consecuencias dos accidentes e das emerxencias durante os servizos, respectando a normativa en materia de seguridade viaria. |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Análise de reclamacións respecto aos danos causados aos viaxeiros ou ás súas equipaxes por accidente ou retraso. |
| Procedementos para evitar a repetición de accidentes ou infraccións graves. |
| Repercusións das reclamacións sobre a responsabilidade contractual: intervención das xuntas arbitrais de transporte. |
| Dereitos e deberes dos profesionais da condución e persoal da empresa de transportes. |
| Equipamentos e medios de seguridade de vehículos e estacións. |
| Medidas e recomendacións de seguridade en estrada, ante accidentes e en situacións de emerxencia. |

Contidos

Normas, prohibicións e restricións de circulación dos estados membros da Unión Europea.

Consignas aos profesionais da conducción de verificación das normas de seguridade relativas ao estado do material de transporte, do seu equipamento e da carga.

Consignas aos profesionais da conducción respecto á conducción racional e segura.

Procedementos de actuación en caso de accidente.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Este módulo consta de 7 unidades didácticas (UD), cada unha delas cos seus correspondentes resultados de aprendizaxe (RA), criterios de avaliación (CA) e contidos básicos.
Para superar o módulo o/a alumno/a debe acadar a avaliación positiva en cada unha das unidades didácticas, sendo a nota mínima requirida igual a 5 en cada unha delas.

Os CA mínimos exigibles son os que aparecen no apartado 4.c. desta programación didáctica.

Os procedementos de avaliación que se aplicarán poderán ser:

a. Probas de coñecementos: consistentes en probas escritas presenciais que poderán conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test, preguntas de verdadeiro ou falso ou supostos prácticos.
As probas conterán instrucións de realización e a cualificación máxima por pregunta. Unha proba de coñecementos non realizada na data establecida e comunicada con antelación, suporá realizala no período de actividades de recuperación correspondente. Esta parte suporá un 70% da nota da unidade didáctica.

As probas de coñecemento cualifícanse nunha escala de 0 a 10 puntos, sendo 5 o valor que determina a condición de APTO.

Nos exercicios de verdadeiro/falso, haberá casos nos que se pida xustificar a resposta, noutros non. E se non se xustifica a resposta, a pregunta calificarase con 0 puntos. Se o argumento non é correcto, considerarase como resposta incorrecta aínda que se acertase se é falsa ou verdadeira.

Nos exercicios prácticos, preguntas curtas e preguntas a desenvolver valoraranse, ademais da adecuación dos contidos teóricos, a coherencia da resposta, o razoamento realizado, as faltas de ortografía e o uso de vocabulario técnico vencellado ao módulo.

b. Actividades cualificables: poderán consistir en traballos de investigación, resolución de exercicios prácticos, etc. principalmente de xeito individual. En caso de facer ditas actividades en equipos de traballo, ditos equipos serán definidos pola docente.

As actividades serán recollidas dentro do prazo fixado. Non se admitirán as actividades fóra de prazo. Neste caso, quedarán suspensos os contidos correspondentes á actividade en cuestión. Empregarase fundamentalmente a AULA VIRTUAL do IES A Guía para entregar ditas actividades.

As actividades serán puntuadas do 0 ao 10. Valorarase fundamentalmente a adecuación dos contidos teóricos, a coherencia da resposta, o razoamento realizado, as faltas de ortografía e o uso de vocabulario técnico vencellado ao módulo así como a calidade da presentación en función dos obxectivos da actividade.

A ponderación da nota das actividades será 30% sobre a nota de cada unidade didáctica.

Cada Unidade Didáctica (UD) terá un peso diferente marcado segundo o criterio da docente en función das necesidades de dedicación temporal e amplitude dos contidos segundo se mostra a continuación:

UD1 ___ 20%

UD2 ___ 20%

UD3 ___ 20%

UD4 ___ 18%

UD5 ___ 12%

UD6 ___ 4%

UD7 ___ 6%

A NOTA DE CADA AVALIACIÓN será a media ponderada das Unidades Didácticas, respectando a ponderación global, adaptándoa en cada caso ao número de unidades impartidas por avaliación.

Para acadar a calificación de APTO do módulo, é preciso, ter superada cada avaliación.

Os membros da comisión de avaliación poderán excluír de calquera tipo de proba ou actividade ás persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Cando un/ha alumno/a non acade a avaliación positiva, é dicir, non consegue o nivel de logro mínimo establecido realizarase unha proba escrita de recuperación, que poderá conter preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test, preguntas de verdadeiro ou falso e/ou supostos prácticos. O/a alumno/a terá a oportunidade de entregar as actividades evaluables que non realizou no seu momento ben porque non a entregou en prazo, ben porque non a entregou na aula virtual do centro educativo.

No caso de que as actividades evaluables non foran entregadas no seu momento, a entrega de ditas actividades será obrigatoria para poder superar a Unidade Didáctica correspondente. En caso de non facelo o/a alumno/a non recuperará a Unidade Didáctica correspondente e, en consecuencia, non acadará a avaliación positiva no módulo.

As actividades de recuperación programaránse por cada trimestre non superado. No mes de xuño farase unha proba de recuperación final para o alumnado que teña algún trimestre sen superar.

No caso de que un/ha alumno/a teña este módulo pendente; é dicir, o/a alumno/a promocionou con este módulo suspenso, o/a alumno/a realizará unha única proba escrita sobre os contidos básicos recollidos no curriculum. A proba conterá instrucións de realización e a cualificación máxima por pregunta. Esta proba escrita poderá incluír preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test, preguntas de verdadeiro ou falso ou supostos prácticos. Será necesario acadar, como mínimo, unha calificación igual a 5 para superar a proba.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Consistirá na realización dunha proba de coñecementos baseada no 100 % dos obxectivos do módulo.

Para o alumnado que perda o dereito á avaliación continua, e tal como se contempla na norma, realizarase unha proba extraordinaria de avaliación, que permitira ao alumnado evidenciar a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos. A avaliación realizarase no mes de xuño nas datas e horario publicados polo centro educativo.

O alumnado realizará unha única proba escrita sobre os contidos básicos recollidos no curriculum. A proba conterá instrucións de realización e a cualificación máxima por pregunta. Esta proba escrita poderá incluír preguntas curtas, preguntas a desenvolver, preguntas tipo test ou supostos prácticos. Será necesario acadar, como mínimo, unha calificación igual a 5 para superar a proba.

Neste caso o criterio de cualificación será 100% a nota do exame.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase mensualmente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

No comezo do curso desenvolverase un procedemento de observación competencial a través de tarefas concretas que permitan recoller información sobre o nivel de coñecemento inicial do que parte o alumnado.

De acordo coas instrucións indicadas pola Xefatura de Estudos ao principio do curso farase unha avaliación inicial no que participará todo o equipo docente.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As actividades de reforzo educativo consistirán na atención individualizada ao alumnado e se for preciso, no deseño de actividades secuenciadas que axuden a entender o que se pide.

Cando sexa necesario coordinarase co equipo docente e co Departamento de Orientación para tratar o reforzo individual daqueles alumnos con dificultade.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

En función dos obxectivos do módulo, se terán en conta os seguintes:

1. Valores democráticos e mellora da cohesión social.
2. Loita contra a pobreza e contribución ao desenvolvemento humano.
3. Dereitos Humanos.
4. Protección das minorías e do colectivo LGTBIQ
5. Dereitos laborais.
6. Respecto das condicións de competencia.
7. Transferencia de tecnoloxía: respecto licenzas e patentes.
8. Preservación do Medio Ambiente. A sustentabilidade.

9. Promoción da igualdade de xénero.
10. Reforzo do respecto dos Dereitos Fundamentais. A protección de datos persoais.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Para este módulo non foron contempladas actividades extraescolares para o curso 2024-2025.

10.Outros apartados

10.1) Aula Virtual

O alumando conta cunha unha virtual para o apoio da aprendizaxe.